

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o 25 de febreiro de 2021, aprobou a Normativa do Traballo de Fin de Grao das Titulacións de Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Literaturas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

NORMATIVA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO DAS TITULACIÓNS DE GRAO EN FILOLOXÍA CLÁSICA, GRAO EN LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLAS, GRAO EN LINGUA E LITERATURA GALEGAS, GRAO EN LINGUA E LITERATURA INGLESAS E GRAO EN LINGUAS E LITERATURAS MODERNAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aprobado polo Consello de Goberno de XXX de XXX de XXX.

Aprobado pola Xunta de Facultade na súa sesión de 11 de decembro de 2020 e pola Comisión de Títulos de Grao na súa sesión do 7 de decembro de 2020, previo informe positivo das comisións de grao en Filoloxía Clásica, Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas e Linguas e Literaturas Modernas.

Capítulo 1. Consideracións xerais

O obxectivo desta normativa é organizar o proceso de realización e presentación dos Traballos de Fin de Grao (TFG) nas titulacións das que é responsábel a Facultade de Filoloxía, que en 2020 son: Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Literaturas Modernas.

Segundo recolle o artigo 6 do Real Decreto 861/2010, polo que se modifica o Real Decreto 1393/2007, non poderán ser obxecto de recoñecemento os TFG presentados para a obtención doutros títulos de Grao. Dado que o Grao en Linguas e Literaturas Modernas é un único título, a realización dunha segunda mención non obrigará á realización doutro TFG.

Formúlanse como criterios xerais que, respectando a autonomía de cada Grao, convén fixar para todos os Graos da facultade un sistema único de avaliación, que evite eventuais desequilibrios comparativos; a consideración de que o/a titor/a debe cualificar o traballo, sendo que o TFG é unha materia do currículo do Grao e que é ela/e quen mellor coñece o proceso e eventual progreso persoal do/a estudante na elaboración do traballo; e o entendemento de que, tendo que haber sempre unha presentación oral, esta é un aspecto relevante do proceso avaliativo.

Artigo 1. Obxectivo do TFG

Segundo se establece no artigo 12 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, e posteriores modificacións, as ensinanzas de Grao concluirán coa elaboración e defensa dun TFG, que deberá realizarse na fase final dos estudos e estará orientado á avaliación das competencias asociadas á titulación en que o/a estudante se gradúa.

Artigo 2. Número de créditos

O TFG dos graos da Facultade de Filoloxía ten asignados 12 créditos ECTS obrigatorios. Isto supón un total de 300 horas de traballo do/a estudante.

Artigo 3. Contidos

Segundo se indica no artigo 2.1 do *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela* (en diante, Regulamento da USC), aprobado polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016, o TFG consistirá na elaboración por parte do/a estudante, de forma individual ou en equipo, dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados nas titulacións de grao e incluírá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, redacción, presentación e defensa. Por traballo orixinal enténdese un traballo de elaboración propia no que se citen debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización.

O TFG das titulacións da Facultade de Filoloxía tense que adecuar aos contidos do Maior correspondente e, así mesmo, debe ser redactado e defendido na lingua do Maior, agás nos casos do Maior en Filoloxía Románica, no que se pode empregar calquera das linguas románicas, e do Grao en Filoloxía Clásica, no que se pode empregar o galego ou o español. Entre as modalidades de traballos poderá estar calquera das propostas no programa do TFG da titulación para cada curso académico.

No caso de traballos en equipo, esta posibilidade debe estar expresamente prevista na oferta de cada docente responsábel da materia. Os/as estudantes que desexen acollerse a esta modalidade deben previamente contactar o/a docente e este deberá comunicar á CTFG ou á Comisión con competencias delegadas neste ámbito se concorda ou non coa orientación dese TFG en equipo e se este implica redución ou non das prazas ofertadas por el/ela. O traballo en equipo implicará, para os efectos de cómputo da oferta de liñas temáticas e prazas, tantas destas como membros matriculadas/os do Equipo, excepto indicación en contrario do/a titor/a. Poderán configurarse equipos posteriormente á asignación individual de liñas temáticas e titores/as, sempre coa aprobación do/a titor/a. Neste caso, o/a docente responsábel deberá comunicar esta circunstancia á CTFG sen poder facer oferta de novas prazas. Se algunha/s da/s persoas integrantes do equipo non está/n en condicións académicas de poder ser avaliado ou renuncia/n a presentalo, a avaliación será aplicada exclusivamente ao traballo presentado pola/s outra/s persoas integrantes no equipo, tendo nesa avaliación o/a titor/a ou o tribunal presente esta circunstancia. En todo o caso, a/s persoa/s non avaliábel/beis poden participar na presentación oral dos traballos, sen, en ningún caso, estar suxeita a cualificación.

A atribución de TFG a un Equipo farase tendo en conta o expediente individual de cada membro. En ningún caso poderá ser atribuído un TFG, na primeira fase de oferta e selección de liñas temáticas por parte da Comisión, a un equipo se a nota media do expediente académico de algunha das persoas integrantes deste está por baixo doutra persoa que solicitou serlle atribuída esa liña.

O número de páxinas ou caracteres para os TFG en equipo poderá exceder as que se indiquen orientadoramente no programa para un TFG individual en proporción a, e en función de, o número de integrantes do Equipo. Xunto co traballo escrito, os/as estudantes engadirán un comentario de ata 5 páxinas por persoa (1500 palabras) no que se indicará: nome e apelidos do estudante e en epígrafes separados: a) as funcións e tarefas desempeñadas no proxecto polo/a estudante, b) a experiencia e capacitación obtida e c) unha crítica construtiva respecto do proxecto traballado en equipo, indicando as posíbeis discrepancias ou propostas persoais que mellorarían dito traballo.

No que atinxe ao informe e avaliación do traballo en equipo, serán sempre individuais, podendo aquel referirse igualmente ao traballo conxunto. O tempo da presentación e exposición oral ante o/a titor/a ou tribunal poderá ser de ata 30 minutos e o/a titor/a ou

tribunal poderá dirixir preguntas de maneira indistinta a cada un dos/as estudantes.

No programa de TFG dos distintos Graos da Facultade de Filoloxía poderán especificarse características concretas de desenvolvemento, informe e avaliación do traballo en equipo.

Artigo 4. Xestión e organización dos TFG

Como indica o artigo 3.1 do Regulamento da USC, cada Centro deberá designar un/unha coordinador/a de TFG, único/a ou por titulación, e unha comisión encargada de atender as cuestións propias do desenvolvemento do TFG, única ou por titulación.

Nos graos da Facultade de Filoloxía haberá un/unha coordinador/a de TFG por cada titulación, que será a mesma persoa que exerza a coordinación do grao correspondente, membro da Comisión que teña delegadas as competencias da Xunta de Facultade relativas aos TFG (en diante, CTFG). Esta será a encargada de velar polo cumprimento do estipulado nesta Normativa (e interpreta se fose o caso) e estará presidida polo/a Decano/a ou persoa en quen delegue. Entre as súas competencias están as seguintes:

- Elaborar anualmente o programa da materia TFG de cada unha das titulacións de grao.
- Estabelecer a convocatoria anual e o calendario de TFG.
- Actualizar a documentación relativa ao proceso de elaboración, defensa e avaliación do TFG.
- Solicitar anualmente aos departamentos con docencia no título as propostas de liñas temáticas e titores/as, velando por que a oferta sexa suficiente para cubrir as necesidades lectivas.
- Aprobar as propostas de liñas temáticas e titores/as.
- Aprobar e asignar as solicitudes de liñas temáticas, titores/as, títulos e resumos presentadas polos/as estudantes.
- Aprobar as solicitudes de prórroga.
- Autorizar as modificacións de tema e/ou titor/a que deriven de situacións excepcionais.
- Aprobar os tribunais de avaliación e fixar o sistema de rotación, previa proposta da comisión de cada un dos títulos.
- Autorizar a presentación e defensa pública dos TFG en casos excepcionais.
- Autorizar a defensa do TFG por medios telemáticos e establecer o procedemento para levala a cabo, no caso de constatación de imposibilidade ou dificultade para facelo presencialmente. O estudante deberá garantir os medios telemáticos suficientes para que poida ser realizada.
- Decidir e outorgar as cualificacións de *Matrícula de Honra* que correspondan, no caso de haber máis dun tribunal por Grao, e propor os TFG para seren publicados no repositorio da USC.
- Resolver as incidencias relacionadas co TFG.
- Calquera outra xestión relativa ao TFG ou que a Xunta de Facultade lle encomende.

Artigo 5. Matrícula

Segundo se indica no artigo 4.1 do Regulamento da USC, poderán matricularse para a realización dun TFG os/as estudantes que teñan pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG.

A matrícula realizarase nos períodos fixados pola USC e dará dereito a dúas oportunidades no curso académico no que estea matriculado. O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro, tendo en conta que a obtención de *Non Presentado* nalgunha das oportunidades ou en todas computarase para os efectos de consumir a convocatoria. En todo caso, non reunir os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes supón decaemento do dereito a presentarse, polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria e o/a estudante poderá ou ben solicitar que se manteña título e resumo, a maiores e previo informe positivo de quen for o/a titor/a na nova convocatoria (que, pode ser a/o mesma/o ou outro/a docente) ou candidatarase a unha nova convocatoria, caso en que si implicará nova praza dentro da oferta de liñas temáticas.

Capítulo 2. Propostas de liñas temáticas e de titores/as e asignación dos TFG

Artigo 6. Titor/a do TFG

O TFG realizarase baixo a supervisión dun/dunha titor/a académico/a, que se encargará de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados. Por razóns xustificadas, con autorización da CTFG poderá nomearse outro/a titor/a, un/ha cotitor/a, ou excepcionalmente dous cotitores/as, e deberá sempre definirse quen é o/a titor/a responsábel da materia.

A oferta de liñas temáticas e a titorización do TFG poderá facerse en réxime de cotitorización, sendo que, ao menos, unhas das persoas titoras deberá ser PDI das áreas que impartan docencia na propia titulación. Se houber máis dun/ha titor/a, un/unha deles/as será o/a docente responsábel do TFG, quen deberá comunicar á CTFG o nome do/a docente que cotitoriza o traballo. No caso da avaliación, a cualificación será determinada por común acordo das persoas titoras.

A cotitorización poderá estar incluída xa na oferta de liñas temáticas anuais ou poderá ser proposta posteriormente por parte do/a titor/a á CTFG para a súa aprobación. Neste segundo caso, a cotitorización será feita a maiores da oferta inicial, sen supor mingua da oferta inicial da titulación

Excepto indicación en contrario, a cotitorización, para os efectos de distribución de horas docentes, implica a división do número de horas docentes polo número de co-titoras/es. O persoal en formación poderá ofrecer e titorizar traballos. Os/As investigadores/as ligados/as á USC con contrato predoutoral farano sempre en réxime de cotitorización cun PDI que non sexa PDI en formación ou conclúa o seu contrato antes do período de avaliación da última convocatoria do ano académico en que se insire a oferta, e que será o responsábel da materia. O persoal investigador postdoutoral contratado a través de programas de recursos humanos (Ramón y Cajal, Marie Curie, I2C e equivalentes) poderá titorizar TFG sempre que na convocatoria do seu contrato se recolla a posibilidade de ter encargo docente.

Non poderán ser titores/as aquelas/es docentes que teñan un contrato que remate antes da finalización da última convocatoria do período de avaliación iniciado no ano académico en que o/a estudante se matriculou.

O labor do/a titor/a será orientar, asesorar e planificar as actividades do/a estudante, facer un seguimento do traballo e supervisar o seu progreso. En función da natureza do TFG,

fixará varias sesións de tutoría co fin de discutir o plan inicial de traballo, os resultados parciais das diferentes fases de elaboración e o resultado final. Se o/a estudante simultanea a realización do TFG cunha estadía de mobilidade, debe consensuar co/a titor/a a forma na que se velará polo cumprimento dos obxectivos fixados. Así mesmo, o/a titor/a debe elaborar un informe confidencial segundo o modelo existente a tal efecto.

Segundo se indica no artigo 12.2 do Regulamento da USC, o/a titor/a que detecte que un TFG non é orixinal está obrigado/a a polo en coñecemento da Reitoría a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade coa normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Artigo 7. Liñas temáticas dos TFG

Cada curso académico o Centro fará pública a oferta de liñas temáticas e titores/as para cada título de grao. A CTFG demandará dos departamentos o envío de propostas para cada un dos títulos e para cada un das mencións no caso do Grao en Linguas e Literaturas Modernas. Así mesmo, informaraos do número mínimo requirido, que deberá superar polo menos nun 15% aproximadamente a estimación anual de demanda.

Os Departamentos, a través das coordinacións de curso ou de Grao ou Mención, dirixiranse a todo o PDI con docencia no Grao solicitando a oferta de liñas e prazas, que após a súa aprobación e, no prazo fixado polo Decanato, enviarán ao/á presidente/a da CTFG, para sometelas á aprobación da Comisión, de acordo co calendario de TFG aprobado en Xunta de Facultade.

As propostas incluírán o número de TFG ofertados para cada liña temática e titor/a e, de ser o caso, recomendacións a ter en conta para a súa escolla.

Artigo 8. Asignación das propostas

Os/As estudantes matriculados/as no TFG elevarán á CTFG unha solicitude de asignación de liña temática e titor/a, a través dun formulario, publicado na web do centro, coas propostas que máis lles interesen, por orde de preferencia, e entregaranos na Secretaría da Facultade ben por correo electrónico (neste caso deberán solicitar acuse de recibo) ben presencialmente, na forma e nos prazos fixados a tal fin no calendario anual de TFG. Tamén se poderán realizar as peticións a través da Sede Electrónica da USC. Abrirase un prazo de solicitude de asignación por cada período de matrícula ordinaria. A asignación será feita en tres fases. Nunha primeira fase, de acordo co calendario anual de TFG, a CTFG aprobará a asignación, que terá en conta as preferencias expresadas na solicitude, seguindo, nesta fase, un criterio de prioridade en función do expediente académico de cada solicitante. Finalizado o proceso, abrirase unha segunda fase no caso de que haxa algún/unha estudante a quen non se lle asignase ningunha das propostas incluídas na súa solicitude. A Comisión deberá primeiramente comunicar aos/ás titores/as as eventuais solicitudes de dirección de TFGs que non puideron ser atribuídas, e o/a titor/a poderá aceptar dirixir TFGs, mesmo a maiores do número de prazas ofrecidas. Concluído ese proceso, a CTFG procederá á asignación de oficio dunha liña temática e titor/a e poderá considerar a oportunidade de facer unha segunda chamada, tamén para casos excepcionais ou para a atención de solicitudes fóra de prazo, se os houber.

As/Os estudantes que queiran facer unha proposta de traballo en equipo deberán seguir as indicacións feitas no Artigo 3 da presente Normativa.

Unha vez asignadas as propostas, cada estudante deberá contactar co seu/súa titor/a a fin de delimitar o título do TFG, remitindo posteriormente á CTFG, a través da Secretaría

da Facultade, un formulario no prazo que se estableza no calendario de TFG.

No caso de que un/unha estudante non poida defender o seu TFG en ningunha das oportunidades do ano académico no que realizou a matrícula, poderáselle conceder prorrogación previa solicitude do/a estudante sempre que se acompañe do informe favorábel do/a titor/a que orientará o seu TFG nese segundo ano académico, que pode ser o/a mesmo/a titor/a ou non do primeiro ano. Esta titorización levarase a cabo a maiores das liñas temáticas ofertadas por ese/a titor/a para ese ano académico. En ningún caso se prorrogará un TFG máis dun curso académico. Esta prórroga da asignación non implica unha prórroga da matrícula, de xeito que o/a estudante deberá realizar unha nova matrícula cando corresponda. O/A estudante tamén pode solicitar no novo curso académico a asignación dun novo/a titor/a e liña temática.

Os/As estudantes que non defendesen o traballo en convocatorias anteriores poderán volver a presentar a solicitude de delimitación de título e resumo que lles fora aprobada no seu momento. A CTFG aprobará os títulos e resumos dos TFG, que serán publicados de acordo co calendario anual de TFG.

Aos/As estudantes cuxa solicitude de delimitación de título e resumo lles fose rexeitada pola CTFG notificaráselles a denegación debidamente xustificada e abrirase un prazo para que corrixan as deficiencias sinaladas pola CTFG ou presenten unha nova proposta de título e resumo. Estas solicitudes deberán ser aprobadas pola CTFG.

Artigo 9. Modificacións

O/A estudante poderá solicitar modificacións menores (axustes no resumo do traballo e matizacións no título) mediante escrito razoado dirixido á CTFG ata 30 días naturais antes do comezo do período de solicitude de defensa marcado no calendario anual de TFG do Centro. A CTFG será a encargada de aprobar, de ser o caso, as modificacións solicitadas.

De modo excepcional, o/a estudante e/ou o/a titor/a poderán solicitar a anulación da asignación do TFG, ou o cambio de proxecto baixo a mesma ou diferente dirección, mediante escrito razoado remitido á CTFG e presentado na Secretaría da Facultade. A CTFG analizará o caso e, se procede, realizará unha nova asignación.

Capítulo 3. Características dos TFG

Artigo 10. Autoría

Conforme ao artigo 2 do Regulamento da USC o TFG poderá ser elaborado de forma individual e colectiva. A propiedade intelectual do TFG correspóndelle ao/á alumno/a que o realizou. Tal e como se indica no artigo 14 da presente normativa, o Centro arquivará unha copia electrónica dos traballos superados que poderá ser utilizada para fins académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos nomes dos/as autores/as. Para estes efectos o alumnado asinará, no momento en que solicite a defensa, a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo orixinal.

Artigo 11. Extensión do TFG

Tal e como se indica nas Memorias dos títulos, a extensión do TFG individual será, a modo orientador, de entre 65.000 e 120.000 caracteres con espazos, excluídos apéndice. A modo orientador, a extensión dos TFG en equipo poderase incrementar

proporcionalmente ao número de integrantes do mesmo.

Artigo 12. Características formais

O programa poderá establecer un formato común para algúns dos elementos do TFG. En calquera caso, o traballo deberá adoptar, de forma aproximada, a seguinte estrutura:

- a) Portada, na que deberán aparecer todos os datos identificadores do traballo: o logo da USC coa indicación da Facultade; a denominación do Grao (e, no caso do Grao en Linguas e Literaturas Modernas, do Itinerario); o título do traballo; o nome completo do/a autor/a e do/a titor/a e o curso académico correspondente.
- b) Primeira páxina, que reproduce a portada.
- c) Copia da solicitude de delimitación de título e resumo aprobado pola CTFG.
- d) Título en galego, español e inglés e, no caso das mencións, na lingua da mención correspondente, resumo e palabras chave.
- e) Declaración de orixinalidade do traballo.
- f) Índice paxinado.
- g) Introducción.
- h) Contidos / Desenvolvemento.
- i) Conclusións.
- j) Bibliografía consultada.
- k) Apéndices (se os hai).

Capítulo 4. Entrega dos TFG

Artigo 13. Prazo para a presentación

Será o que marque o calendario de TFG de cada curso académico aprobado pola CTFG e publicado na web do Centro.

Artigo 14. Requisitos para a presentación

Segundo se recolle no artigo 4.4 do Regulamento da USC, para a presentación e defensa pública do TFG é requisito imprescindible ter superados todos os demais créditos da titulación. Para verificar que se cumpre este requisito, no caso de que na data de presentación e defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de avaliación das materias do Grao, o/a secretario/a da Facultade solicitará do profesorado encargado das devanditas materias que se informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia presentar os traballos na mesma oportunidade.

O/A estudante solicitará a defensa do TFG a través da súa secretaría virtual no prazo fixado a tal fin no calendario de TFG para cada unha das oportunidades. O/A estudante subirá o seu TFG na súa secretaría virtual e na súa solicitude de defensa (tamén a través da secretaría virtual), deberá elixir entre dúas opcións: a) avaliación por parte do titor/a ou b) avaliación por parte do tribunal. O/A estudante declarará que o TFG que presenta é un traballo orixinal e fará constar se autoriza ou non a súa difusión no repositorio *Minerva*. Este procedemento rexerá igualmente para todas e cada unha das persoas integrantes do

equipo, que deberán enviar un documento ao/á titor/a responsábel e á Comisión sobre a modalidade escollida, que deberá ser común, asinado por todas elas.

Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a CTFG considera que se vulneraron os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicarse o indicado na normativa de avaliación vixente.

Unha vez que o/a estudante sobe o seu TFG á secretaría virtual e fai a solicitude de defensa, o/a titor/a do TFG deberá subir no prazo fixado a tal fin no calendario de TFG o informe confidencial ao que fai referencia o artigo 6, que estará a disposición do Tribunal, se este tiver que intervir. O Centro publicará a listaxe de solicitudes admitidas e, tal e como indica o artigo 11.3 do Regulamento da USC, arquivará unha copia electrónica que poderá ser utilizada na USC para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos/ás seus/súas autores/as.

Capítulo 5. Procedemento de defensa e criterios de avaliación

Artigo. 15

No momento de facer a solicitude de defensa na secretaría virtual, o estudantado deberá optar por:

a) Avaliación do traballo polo/a titor/a

O/a Titor/a será o encargado/a da avaliación e cualificación que non poderá ser superior a 7.00. O/A estudante deberá defender en acto público o seu TFG perante o/a titor/a. A cualificación final estará integrada por:

- Valoración do traballo: máximo 70% (4,9 do total de 7) Avaliaranse o progreso académico do/a estudante, os contidos, o proceso de elaboración, a consecución dos obxectivos e a presentación escrita.
- Exposición e defensa do TFG: máximo 30% (2,1 do total de 7) Avaliaranse a presentación oral, a capacidade argumental da exposición e da réplica, a claridade e auto-análise dos obxectivos, a concisión e a corrección no uso da lingua.

É competencia do titor/a informar ao estudantado da cualificación recibida polo traballo a través das canles habituais de información sobre avaliacións docentes.

b) Avaliación do traballo por tribunal

Os traballos poderán ser avaliados por un tribunal en defensa pública. O tribunal estará composto por tres profesores/as da USC que impartan docencia na titulación. O tribunal poderá outorgar Matrícula de Honra a aqueles TFGs cunha cualificación igual ou superior a 9. A cualificación do Tribunal estará integrada pola suma de:

- Valoración do traballo por parte do/a Titor/a cun máximo de 7 puntos. Avaliaranse o progreso académico do/a estudante, os contidos, o proceso de elaboración, a consecución dos obxectivos e a presentación escrita.
- Valoración da exposición e defensa do contido do TFG por parte do Tribunal cun máximo de 3 puntos, tendo en conta a presentación oral, a capacidade argumental da exposición e da réplica, a claridade e auto-análise dos obxectivos, a concisión e a corrección no uso da lingua.

Artigo 16. Composición dos Tribunais

O Tribunal estará composto por un/unha presidente/a, un/unha vogal e un/unha secretario/a. O/A Presidente/a será o/a de maior grao e antigüidade, e o/a secretario/a será o/a de menor grao e menor antigüidade. Este/a último/a será o/a responsable de encher correctamente e entregarlles aos servizos administrativos da Facultade a documentación derivada do acto de defensa dos TFG.

Deberá nomearse un suplente para cada Tribunal.

A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

O Tribunal poderá invitar ás deliberacións ao titor/a do traballo, así como a profesores especializados na materia que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz, pero sen voto.

É competencia do Tribunal informar ao estudantado da cualificación recibida polo traballo a través das canles habituais de información sobre avaliacións docentes.

Artigo 17. Nomeamento dos Tribunais

Os membros dos Tribunais encargados de avaliar os TFG –tres titulares e un suplente– serán nomeados polo/a Decano/a, a proposta da CTFG.

A participación do profesorado nos tribunais levarase a cabo con carácter rotatorio segundo o sistema establecido pola CTFG.

Capítulo 6. Defensa pública do TFG

Artigo 18. Convocatoria de exposición

Entre a solicitude de defensa e a exposición do TFG deben mediar, polo menos, 5 días naturais.

En prol de garantir un mellor funcionamento do procedemento, os/as titores/as ou, no seu caso, os tribunais fixarán e anunciarán publicamente as datas, lugares e horario das defensas dos traballos, dentro do período fixado a tal efecto no calendario anual de TFG, e comunicaranllo aos servizos administrativos da Facultade. O/a estudante terá tamén acceso a estes datos a través da súa secretaría virtual.

No caso de traballos protexidos por cláusulas de confidencialidade aplicarase o disposto no artigo 11.2. do Regulamento da USC.

Artigo 19. Exposición oral

A defensa do TFG realizarase, previa convocatoria pública, de forma pública e presencial ante o/a Titor/a ou o Tribunal, e consistirá nunha exposición e unha quenda de preguntas e respostas. Na exposición, o(s)/a(s) estudante(s) deberá(n) presentar os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do seu TFG, para o cal pode(n) empregar os medios que considere(n) oportunos. Seguirá unha quenda de valoracións, comentarios ou preguntas por parte do/a Titor/a ou o Tribunal.

Orientadoramente, para os TFG individuais, recoméndase que o acto de presentación e

a resposta a preguntas non exceda dos 10 minutos en cada un dos dous casos e que a duración total do acto non exceda os 30 minutos. No caso de traballos en equipo, recoméndase ao tribunal considerar a oportunidade de aumentar cada un deses períodos temporais e que a duración total do acto non exceda os 60 minutos.

A CTFG autorizará, en determinadas circunstancias, a defensa do TFG por medios telemáticos e establecerá o procedemento para levala a cabo.

Capítulo 7. Sistema de avaliación do TFG

Artigo 20. Criterios de avaliación

A cualificación dos traballos realizarase conforme a criterios que permitan comprobar a consecución das competencias asociadas á titulación.

O/A Titor/a e o Tribunal de avaliación realizarán un informe, segundo o modelo aprobado na CTFG e recollido no programa.

- a) O/a Titor/a avaliará o progreso académico do/a estudante, contidos, proceso de elaboración, consecución dos obxectivos, presentación escrita (e presentación oral se só se escolleu avaliación polo/a titor/a).
- b) O Tribunal avaliará a presentación oral, capacidade argumental da exposición e da réplica, claridade e auto-análise dos obxectivos, concisión e a corrección no uso da lingua

Artigo 21. Procedemento de avaliación

Os/As Titores/as ou os Tribunais farán pública a cualificación dos traballos nun prazo non superior a 2 días hábiles dende a súa defensa.

No caso de que se dea unha das seguintes circunstancias, o TFG será cualificado como suspenso (0):

- a) Cando os seus contidos non se adecúen aos do Maior correspondente e/ou se afasten manifestamente dos recollidos no resumo aprobado no seu día pola CTFG.
- b) Cando reproduza totalmente, ou nunha parte substancial, un traballo realizado polo/a alumno/a noutras materias ou actividades da titulación (autoplaxio).
- c) Cando non sexa orixinal en todo ou nunha parte substancial (plaxio).

Tal e como sinala o artigo 12.2 do Regulamento da USC, o/a Titor/a ou o Tribunal que detecte que un TFG está plaxiado, en todo ou en parte, debe polo en coñecemento da Reitoría co fin de que se inicien as accións disciplinarias que procedan, de conformidade coa normativa vixente nesta materia.

Segundo a normativa de avaliación vixente, unha vez celebrada a última oportunidade para a presentación dos TFG de cada titulación correspondentes ao curso académico, e tendo en conta os traballos presentados, o Tribunal decidirá se outorga *Matrícula de Honra* a aqueles TFG que obtiveran unha cualificación igual ou superior a 9, sen que o número de *Matrículas de Honra* poida exceder do 5% do alumnado matriculado no TFG de cada título no correspondente curso académico. Se o número de estudantes é inferior a 20, poderase outorgar unha *Matrícula de Honra*.

Cando se constitúa máis dun Tribunal para avaliar os TFG do mesmo Grao, será a

CTFG, a proposta dos diferentes tribunais, quen, unha vez celebradas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico, outorgue as cualificacións de *Matrícula de Honra* que correspondan.

Artigo 22. Revisión e reclamacións das cualificacións

O alumnado ten dereito á revisión do TFG nas datas e horarios que para tal efecto se fixen no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión estarán comprendidas dentro dos 10 días seguintes á publicación dos resultados. Contemplanse como mínimo dúas datas opcionais. Para estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal ou Titor/a. En todo caso, deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou.

O procedemento de reclamación contra a cualificación seguirá o estipulado na normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Artigo 23. Difusión no repositorio institucional da USC

Consonte co artigo 11.4 do Regulamento da USC, a CTFG da Facultade de Filoloxía poderá propor a publicación dos TFG que destaquen pola súa calidade e, en especial, propóranse os dos/as alumnos/as que acaden a mención de *Matrícula de Honra*. Os/As autores/as dos traballos propostos que desexen ser incluídos no repositorio institucional da USC (*Minerva*), deberán seguir o trámite descrito no artigo 14 desta Normativa.

Disposición final

Esta normativa entrará en vigor coa publicación no taboleiro electrónico da USC, tras a súa aprobación polo Consello de Goberno. Complétase cos restantes procedementos e regulamentacións da USC que se atopen en vigor, entre outros, a normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e mestrado, a normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, o regulamento da USC dos intercambios interuniversitarios de estudantes e as normas de planificación académica anual.

Disposición derogatoria

Queda derogado o *Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Filoloxía*, aprobado polo Consello de Goberno de 18 de xullo de 2017.

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 11/03/2021 14:13:21.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 11/03/2021 13:24:26.

CSV: 535B-59FC-4164-873D